



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Subdirección Xeral de Seguridade e Coordinación
Servizo de Relacións coas Entidades Locais

MEMORIA 2009

ACTIVIDADES DE COORDINACIÓN DAS POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA

ÍNDICE

1. Presentación

2. Actividades de carácter normativo

3. Actuacións de control e seguimento da aplicación das normas de coordinación:

3.1. Consultas de concellos.

3.2. Advertencias aos concellos para axustarse ás normas de coordinación.

3.3. Exame de bases de convocatorias de prazas polos concellos.

3.4. Autorizacións excepcionais para a contratación de auxiliares, do artigo 95.7 da Lei 4/2007 e do artigo 136 de decreto 243/2008.

3.5. Dispensa do cumprimento de requisitos mínimos aos concellos que o soliciten.

3.6. Convenios entre concellos para reforzar os cadros de persoal.

4. Actividades de promoción da utilización de novas tecnoloxías.

5. Actividades da Comisión de Coordinación de Policía Local de Galicia.

6. Entrega de distincións aos policía locais.

7. Datos do Rexistro de Policía Local de Galicia.

8. Actividades de subvención e axuda dende a Xunta de Galicia.

9. Actividades de formación a través da AGASP.

1. Presentación

1. PRESENTACIÓN

O ano 2009 caracterizouse, fundamentalmente, por ser o ano no que os Policias Locais de Galicia recibiron as súas primeiras condecoracións outorgadas como corpos de seguridade. Deste xeito a Xunta de Galicia deu cumprimento ao previsto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, facendo entrega das novas distincións.

Neste caso, precisamente por ser a primeira vez, máis de cincocentos policías de todas as categorías recibiron os seus distintivos de permanencia, por ter máis de vinte e cinco anos de servizo nos corpos de policía local. Ademais diso, dous policías do concello de Vigo foron condecorados coas primeiras placa individual e medalla ao mérito, respectivamente.

Para iso, dende a entrada do novo Goberno da Xunta e a incorporación dos novos responsables da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e tamén da Dirección xeral de Emerxencias e Interior, foi preciso acadar un consenso cos actores sociais (representantes dos sindicatos e asociación de xefes, AXEMPOL) e das administracións (FEGAMP) para configurar a Orde que recolle todas as condecoracións e distincións, de maneira que esta puidese ser publicada dentro do mesmo ano 2009 para poder entregar esas distincións.

Tamén os concellos axudaron coa súa dilixencia en achegar os listados dos policías que cumprían máis deses vinte e cinco anos de servizo que antes diciamos. Finalmente, primeiro nun acto solemne na sede da Academia Galega de Seguridade Pública, que presidiu o Sr. Presidente da Xunta de Galicia, no que se entregaron a Placa Individual e a Medalla ao Mérito a dous policías por servizos exemplares e tamén a catro representantes (un por provincia) do

numeroso grupo acredor ao distintivo de permanencia; e despois en actos descentralizados nas sete grandes cidades por mor do elevado número de distinguidos este ano, puido entregarse este distintivo de permanencia como símbolo desa dedicación ao servizo público policial, que seguramente terá un valor emotivo e sentimental para quen o recibiu.

Por outra banda, tamén dentro dos traballos normativos aínda pendentes dende a entrada en vigor da lei 4/2007, se considerou necesario abordar o desenvolvemento dos artigos 9, 10 e 11 da dita lei, que recollen os temas referidos á acreditación profesional, á uniformidade e aos medios técnicos a disposición das policía locais de Galicia.

Deste xeito, nos meses de xuño e xullo se desenvolveron varias sesións, no seo do Grupo técnico de Traballo no que se integraron os representantes das distintas unidades directivas da Xunta, con competencias nesta materia, os nomeados pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), os dos sindicatos máis representativos e un representante da Asociación de Xefes e Mandos de Policía Local (AXEMPOL).

Acadado un consenso sobre o proxecto de decreto, este recibiu informe favorable na Comisión de Coordinación de Policía Locais do día 30 de xullo de 2009. Sen embargo, algunhas cuestións técnicas requiriron pequenas modificacións no texto do citado decreto, polo que de novo se elevou á citada CCPLG, que emitiu informe favorable na súa xuntanza do 17 de decembro de 2009.

A filosofía coa que se tentou facer este desenvolvemento normativo da lei, pasa por dúas fases ben diferenciadas: primeiro a elaboración deste decreto marco; posteriormente deberán elaborarse as respectivas ordes que recollerán con

detalle todos os aspectos técnicos, de deseño e accesorios, relacionados co carné profesional e a placa, coa uniformidade e cos medios técnicos.

Desta maneira péchase o desenvolvemento normativo da lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais, no que afecta ao ámbito da coordinación, quedando só por desenvolver a previsión do artigo 46.1 da dita Lei 4/2007, na parte que afecta aos cursos e programas dos mesmos, que se desenvolverán na AGASP.

Deste xeito a Administración autonómica considera que, para garantir o consenso e acadar resultados satisfactorios na aplicación da normativa de coordinación, precísase da participación dos axentes sociais, non só no marco institucional -como é a Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia-, senón especialmente no Grupo de Traballo encargado de preparar e avanzar na normativa de desenvolvemento, grupo no que se integran os representantes dos concellos designados pola FEGAMP e os representantes sindicais e da asociación de xefes e mandos dos corpos de policía local.

Durante o ano 2009 realizáronse tamén moitas actividades de asesoramento, seguimento, axuste e control da aplicación polos concellos da normativa de coordinación, en cumprimento das funcións atribuídas na Lei 4/2007, mesmo coa decisión, que a propia CCPLG na xuntanza do 17 de decembro considerou importante, de facilitarlle aos concellos que o solicitasen con carácter previo a súa aprobación, un exame dos borradores das bases de convocatorias de prazas, para aforrarlles dese xeito molestias incómodas no caso de telas publicadas no BOP e verse na obriga de facer corrección de erros, de selo caso.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Administración Local, continuou durante ese ano, malia a delicada etapa económica, coas axudas aos concellos, tanto

para a contratación de auxiliares de policía de tempada como para a cesión de vehículos para os corpos policiais.

Tamén dende a Academia Galega de Seguridade Pública se desenvolveu un importante papel non só na función de formación dos policías locais, que lle é propia, senón na preparación de actividades formativas específicas previstas na disposición adicional segunda e transitoria primeira da Lei 4/2007, no que se refire aos cursos de dispensa de grao.

Nesta memoria, ademais de dar cumprimento a obriga recollida na Lei 4/2007, relativa á publicación anual da memoria de actividades de coordinación de policías locais, inclúense as actividades da Comisión de Coordinación das Policía Locais, así como a estatística, que ten como fonte os datos comunicados polos concellos respecto dos seus corpos de policía local ou dos vixilantes municipais ao Rexistro, de grande importancia para a toma de decisións nesta materia. Figuran tamén os datos referentes aos distintos actos de entrega de condecoracións e distincións desenvolvidos ao longo do ano 2009.

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral de Emerxencias e Interior
Vicepresidente da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia

2.- Actividades de carácter normativo

2.1.- Orde de 27 de xaneiro de 2009, que desenvolve o Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e se regula o Rexistro de Policía Local de Galicia.

2.2.- Orde de 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais; para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos; para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

2.3.- Orde do 4 de novembro de 2009 pola que se desenvolve o artigo 95 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, sobre a descrición das distincións dos policía locais de Galicia.

2.4.- Orde do 9 de novembro de 2009 pola que se determinan as distincións e recompensas que se concederán ao persoal dos corpos de policía local durante o ano 2009.

2.5.- Resolución do 10 de novembro de 2009 pola que se acorda outorgar o distintivo de permanencia ao persoal dos distintos corpos de policía local dos concellos de Galicia.

2.6.- Normativa en fase de tramitación.

2.7.- Normativa en fase de elaboración.

2. ACTIVIDADES DE CARÁCTER NORMATIVO

A execución no ano 2009 do necesario desenvolvemento normativo da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e dos seus decretos posteriores, foi a seguinte:

2.1.- Orde do 27 de xaneiro de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e se regula o Rexistro de Policía Locais de Galicia.

O artigo 20 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, configura o Rexistro de Policía Locais de Galicia como un instrumento de coordinación, no que deberán inscribirse, preceptivamente, todos os membros dos corpos das policía locais e os/as vixilantes municipais dos concellos de Galicia, derivando a un desenvolvemento regulamentario posterior á determinación da información que deberá figurar e as cautelas necesarias para garantir a confidencialidade nos termos que esixe a normativa sobre a materia.

En aplicación de tal previsión legal dítase o Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e regula o Rexistro das Policía Locais de Galicia, que no seu artigo 11 dispón que a tramitación dos procedementos de rexistro se realizará cubrindo os modelos normalizados que figurarán na aplicación informática que a consellería porá á disposición dos concellos, e na súa disposición adicional primeira establece que a consellería competente en materia de coordinación de policía locais establecerá os criterios técnicos para a tramitación telemática entre os distintos concellos e a unidade directiva encargada do devandito rexistro.

Esta orde é de aplicación aos concellos de Galicia con policía local e aos que, non tendo creado tal corpo, contén con vixilantes municipais, para dar cumprimento ás obrigas de comunicación de datos para o seu rexistro, ditándose de conformidade co establecido no artigo 17.1º.a) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, logo de que a Comisión de Coordinación de Policía Locais emitise informe na súa sesión do 12 de xaneiro de 2009. Os aspectos máis salientables que se recollen son:

Obxecto

O obxecto desta orde é o establecemento dos criterios técnicos para que todas as comunicacións entre os diferentes concellos e a unidade encargada do rexistro de policía locais se realicen a través da aplicación informática creada para a tramitación por medios electrónicos dos procedementos de rexistro.

Modelos oficiais

Os modelos normalizados para a tramitación dos distintos procedementos rexistrais recóllense nos artigos 11, 14 e nas disposicións transitorias terceira e cuarta do Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e se regula o Rexistro das Policía Locais de Galicia, figurando como anexos II, III, IV e V do devandito decreto.

Tramitación electrónica

Establécese que a consellería competente en materia de coordinación de policía locais porá á disposición dos concellos a aplicación informática denominada Rexistro das Policía Locais de Galicia, que se configura como o conxunto de medios que permiten a presentación telemática das comunicacións de rexistro entre os concellos e a unidade directiva encargada do Rexistro das Policía Locais de Galicia.

A tramitación dos procedementos previstos no Decreto 105/2008, farase mediante a cobertura do correspondente modelo normalizado na dita aplicación

informática, dende o momento en que estea accesible desde a internet na URL <https://www.rexistropolicialocal.xunta.es>

Datos que deberán comunicarse

Ao abeiro do disposto nos artigos 7 e 13 do dito Decreto 105/2008, os datos que deberán comunicarse para a súa anotación nas seccións do rexistro son:

- a) Na sección primeira: alta, baixa e modificación de datos profesionais dos policía locais, auxiliares de policía de tempada e dos vixilantes municipais, integración no corpo de vixilantes, auxiliares e interinos, clasificación no novo grupo profesional dos funcionarios policiais.
- b) Na sección segunda: información dos corpos das policía locais.

Carácter do rexistro

Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e se regula o Rexistro das Policía Locais de Galicia, o rexistro non ten carácter público, podendo ter coñecemento dos seus datos exclusivamente os concellos respecto do persoal ao seu servizo e o persoal inscrito respecto dos seus datos.

Clave persoal

Para que sexa posible a consulta polo persoal inscrito dos seus datos, a aplicación informática xerará unha clave persoal de acceso que o concello deberá facilitar ao seu persoal. Esta clave persoal deberá ser modificada polo seu propietario no primeiro acceso á aplicación, modificación que será obrigado repetir con periodicidade anual, todo isto en cumprimento do disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2.2.- Orde de 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada (esta Orde tivo unha corrección de erros, publicada no DOG do 13 de febreiro de 2009).

Esta Orde foi presentada no Grupo de Traballo, constituído pola Comisión de Coordinación en data 7 maio de 2007, para avanzar no desenvolvemento normativo da Lei de Coordinación de Policía Locais. Como xa se comentou anteriormente, no dito grupo intégranse, xunto cos representantes da Consellería, representantes das organizacións sindicais máis representativas da policía local de Galicia, un representante da asociación de xefes e mandos das policía locais de Galicia e representantes dos concellos galegos designados pola FEGAMP.

Acadado o necesario consenso pola maioría dos integrantes de dito grupo, a Orde recibiu o informe favorable da Comisión de Coordinación de Policía Locais

de Galicia, na súa xuntanza do 12 de xaneiro de 2009, e foi publicada no DOG do día 28 dese mesmo mes.

Os seus contidos pretenden determinar todos aqueles aspectos de coordinación necesarios para que os distintos procesos selectivos que os concellos desenvolvan, presenten en todos os casos unha homoxeneidade necesaria para acadar as expectativas que a Lei 4/2007 esixe en materia de coordinación.

Deste xeito a Orde, que se limita a un só artigo, recolle as condicións nas que se deberán desenvolver os procesos selectivos nos sete Anexos seguintes:

❖ Anexo I

Ingreso na categoría de policía: probas selectiva e temario.

Este Anexo I consta de dous apartados, o apartado A que se refire ás probas selectivas, e o B que recolle o temario para a proba de coñecementos. No primeiro deles enumera, describe e determina as condicións das probas selectivas, das súas marcas e método de avaliación, así como o sistema para a cualificación final do proceso selectivo. No apartado B figura o temario que será obxecto da proba de coñecementos prevista no apartado A.

❖ Anexo II

Promoción interna ata a categoría de intendente: baremo de méritos para a fase de concurso e temarios para a fase de oposición.

Cos mesmos apartados que no caso anterior, só que neste anexo o apartado A describe o baremo de méritos, explicitando que os apartados obxecto dese baremo son os de titulacións académicas, antigüidade, formación e docencia, distincións e recompensas oficiais, coñecemento de idiomas e coñecemento da

lingua galega. Pola contra, no apartado B aparecen os temarios para a promoción interna, sistematizados por categorías, axustando o número de temas en función das categorías e escalas.

❖ Anexo III

Mobilidade para todas as categorías e promoción interna ás prazas de intendente principal e superintendente: baremo para o concurso de méritos.

Este Anexo recolle só un baremo que resulta semellante ao do Anexo anterior, só que sen límite en canto á puntuación que se poida acadar, xa que logo no anterior Anexo o baremo estaba limitado en cada un dos seus apartados.

❖ Anexo IV

Ingreso nas diferentes categorías da subescala facultativa: probas selectivas e temario (parte xeral)

A subescala facultativa, prevista no artigo 26 da lei 4/2007, e regulada máis amplamente no capítulo IV do Título III do decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a citada lei 4/2007, e permite que os corpos de policía local que o precisen poidan contar con persoal facultativo para labores técnicos e de apoio ás funcións policiais.

Neste Anexo regúlanse no apartado A as probas selectivas para o acceso libre ás distintas categorías, e no apartado B recóllense os temarios da parte xeral para a proba de coñecementos, tanto para os casos de acceso libre como para a parte de oposición nos procesos reservados para concurso-oposición.

❖ Anexo V

Acceso ás prazas de vixilante municipal: probas selectivas e temario.

Neste Anexo regúlanse as probas selectivas e os temarios para o ingreso como vixilante municipal, naqueles concellos que non contén con corpo de policía local.

❖ Anexo VI

Integración de vixilantes e auxiliares de policía ou interinos nos corpos de policía local: baremo de méritos para a fase de concurso e descrición das probas selectivas.

A posibilidade que a disposición adicional segunda da Lei 4/2007 establece para a integración de vixilantes, auxiliares de policía e interinos nos corpos de policía local existentes, ou nos que puideran crearse, recóllese neste Anexo que se estrutura nos seguintes apartados:

- Obxecto: Establecemento dun marco único para desenvolver o concurso-oposición que permita o proceso selectivo.
- Requisitos para a integración: en referencia a disposición adicional segunda da lei.
- Prazos e convocatorias: tamén en función do que se establece na disposición antes citada.
- Fase de concurso: coa determinación dos méritos e traxectoria profesional obxecto de avaliación.
- Fase de oposición: na que se describen as probas da mesma, requisitos para superala e o sistema de avaliación, así como o temario para a proba de coñecementos.

Por último establécese como se configura a puntuación final coa ponderación que se fixa para cada unha das fases: concurso e oposición.

❖ Anexo VII

Contratación de auxiliares temporais: probas selectivas e temario.

Este Anexo da resposta a unha cuestión que non tiña sido obxecto de coordinación, xa que logo os concellos que optaban por contratar auxiliares de policía local, para a tempada de verán, establecían probas de selección moi diversas, nalgúns casos coa ausencia de probas específicas de coñecementos, de lingua galega e mesmo de probas físicas.

Preténdese con este Anexo VII unificar os procesos de selección de auxiliares de policía local, mantendo un criterio homoxéneo en canto aos requisitos dos aspirantes e ás probas a desenvolver, de maneira que se facilite un corpo común e único no proceso selectivo para este persoal.

2.3.- Orde do 4 de novembro de 2009 pola que se desenvolve o artigo 95 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, sobre a descrición das distincións dos policías locais de Galicia.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, establece no seu artigo 74 que os membros dos corpos de policía local de Galicia poden ser distinguidos ou recompensados de acordo co que se determine regulamentariamente.

Consonte con esta previsión, o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que

desenvolve regulamentariamente a citada lei, establece no capítulo III do seu título IV as modalidades e outros aspectos relacionados coas distincións e recompensas, deixando unicamente a súa descrición para un posterior desenvolvemento mediante orde da consellería competente, segundo establece no artigo 95.

Deste xeito, en uso das facultades outorgadas pola disposición derradeira primeira do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, e logo do informe preceptivo da Comisión de Coordinación de Policías Locais de Galicia, na súa sesión do 30 de xullo de 2009, ao abeiro do disposto no artigo 17.1º a) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, o Conselleiro de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza dispuxo a publicación da presente Orde, de xeito que se puidese dar cumprimento ao previsto na normativa de coordinación no tocante aos distintivos e recompensas para os corpos de policía local de Galicia.

Esta Orde aproba as descricións técnicas e/ou os diplomas ou certificados documentais, que as acreditan colectiva ou individualmente, das seguintes distincións:

- a) Placa colectiva ao mérito da policía local.
- b) Placa individual ao mérito da policía local.
- c) Medalla ao mérito da policía local.
- d) Distintivo de permanencia.
- e) Felicitacións públicas.

Estas descricións figuran como anexos á dita orde, relacionados da seguinte forma:


Anexo I. Placa colectiva ao mérito da policía local, medalla, pasador, insignia de lapela e diploma correspondente.





Anexo II. Placa individual ao mérito da policía local, medalla, pasador, insignia de lapela e diploma correspondente.





Anexo III. Medalla ao mérito da policía local, pasador, insignia de lapela e diploma correspondente.



Anexo IV. Distintivo de permanencia, pasador, insignia de lapela e diploma correspondente.



Anexo V. Diploma que acredita a concesión de felicitacións públicas.



2.4.- Orde do 9 de novembro de 2009 pola que se determinan as distincións e recompensas que se concederán ao persoal dos corpos de policía local durante o ano 2009.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 74 que os membros dos corpos de Policía Local de Galicia poden ser distinguidos ou recompensados de acordo co que se determine regulamentariamente.

Consonte con esta previsión, o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a citada lei, establece no seu artigo 98 que a consellería competente en materia de seguridade concederá mediante orde a placa colectiva e a placa individual, así como a medalla ao mérito da policía local.

De acordo co anterior, por vez primeira, a unidade directiva competente en materia de coordinación procedeu a estudar as propostas achegadas, seguindo o procedemento que establece o artigo 99 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, para a concesión destas distincións. As propostas feitas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, como unidade directiva competente en materia de coordinación, atópanse amplamente documentadas, emitíuse informe sobre elas e foron valoradas positivamente pola Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia e sometidas á resolución e ao ditame desta consellería.

Por todo isto, en uso das facultades outorgadas pola disposición derradeira primeira do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, por proposta da unidade directiva competente en materia de coordinación de policía locais, e logo do informe da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia, na súa sesión do 30 de xullo de 2009, ao abeiro do disposto no artigo 17.1º a) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, o Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dispuxo que para o ano 2009 se fixesen entrega das seguintes distincións ou condecoracións:

a) Conceder a placa individual ao mérito da policía local ao policía D. Enrique Toucedo Garrido, do corpo de Policía Local do Concello de Vigo, pola súa intervención nun acto de servizo, evidenciando un sobresaliente e excepcional valor, con risco grave e inminente para a propia vida, unha vez vistos os feitos descritos na proposta para a concesión da placa individual ao mérito da policía local e logo de valorar e ponderar os méritos e as circunstancias alegadas na dita proposta.

b) Conceder a medalla ao mérito da policía local ao policía Juan Miguel Covelo Costas, do corpo de Policía Local do Concello de Vigo, pola súa intervención nun acto de servizo, manifestando calidades de valor e lealdade profesionais,

con posibilidade de risco grave para a súa integridade, unha vez vistos os feitos descritos na proposta para a concesión da medalla ao mérito da policía local e logo de valorar e ponderar os méritos e as circunstancias alegadas na dita proposta.

2.5.- Resolución do 10 de novembro de 2009 pola que se acorda outorgar o distintivo de permanencia ao persoal dos distintos corpos de policía local dos concellos de Galicia.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 74 que o persoal dos corpos de policía local de Galicia pode ser distinguido ou recompensado de acordo co que se determine regulamentariamente.

Deste xeito o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento de devandita lei, determina no seu artigo 89 as modalidades de distincións; na alínea c) figura o distintivo de permanencia, a que se refire tamén o número 3 do artigo 90, cando expresa que este distintivo se entregará aos policía locais, calquera que sexa a súa categoría, cando se cumpran os requisitos de permanencia e de traxectoria profesional esixidos para a súa concesión.

O mesmo Decreto 243/2008, no seu artigo 93.1º, establece que o distintivo de permanencia se entregará anualmente, mediante resolución do titular da unidade directiva competente en materia de coordinación de policía locais, aos policía locais cando cumpran 25 anos de servizos efectivos no corpo, calquera que sexa a súa categoría, sempre que non consten antecedentes desfavorables no seu expediente persoal ou pendentes de cancelar, cuestións que deberán acreditarse polos concellos que corresponda.

Respecto da cancelación, porén, deberá observarse o que recolle a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no seu artigo 86, especialmente no que se refire ao previsto nos números 2 e 3 deste.

Por outra banda, ao ser esta a primeira vez que se vai a facer entrega desta distinción, resulta moi elevado o número de persoas ás que se lles outorgará, polo que a devandita entrega non poderá efectuarse como está previsto no artigo 103 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro. Con tempo bastante comunicárase aos concellos e ás xefaturas de policía as datas e lugares en que se formalizará para este ano a entrega destes distintivos, acto/s que se desenvolverá/n en cada provincia.

De acordo, entón, co previsto no artigo 93.1º antes citado, do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, publícase no anexo a esta resolución a listaxe de persoas ás cales se lles entregará o distintivo de permanencia, por ter cumpridos, en 31 de decembro do 2008, 25 anos de servizo nos corpos de policía local, segundo as certificacións dos respectivos concellos de pertenza, tanto respecto do tempo de servizos como do resto de requisitos.

As persoas que non figurasen nas listaxes do anexo e, sen embargo, cumpran cos requisitos para esta distinción, deberán tramitar a través do concello respectivo as oportunas certificacións do devandito cumprimento. Unha vez comprobadas, esta unidade directiva entregarlles este distintivo de permanencia no servizo.

A continuación incorpora unha listaxe do persoal dos corpos de policía local dos concellos de Galicia ao cal se lle outorga o distintivo de permanencia.

2.6.- Normativa en fase de tramitación.

No mes de decembro do pasado ano 2009 atopábase en fase de tramitación, na Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, como requisito previo ao paso ao Consello Consultivo de Galicia para o seu ditame preceptivo, o proxecto de borrador do Decreto de uniformidade, distintivos externos de identificación e homoxeneización de medios técnicos, logo da súa análise e consenso no Grupo Técnico de traballo e de ter pasado tamén con informe favorable a Comisión de Coordinación de Policía Local.

Agárdese que no primeiro semestre do ano 2010 estea xa publicada e en vigor, xa que logo é unha cuestión amplamente demandada dende os corpos de policía local, que precisan dunha norma que actualice e dea homoxeneidade a actual situación de anormalidade que nesta temática están a vivir os policía locais.

2.7.- Normativa en fase de elaboración.

No mes de novembro de 2009 xa se comezara a traballar nos proxectos de ordes que desenvolverán este Decreto de Uniformidade, coa intención de que inmediatamente á data da súa entrada en vigor se poidan publicar sucesivamente estas ordes, comezando pola de uniformidade para que non quede un período de tempo en baleiro entre o Decreto e as ordes de desenvolvemento.

3.- Actuacións de control e seguimento da aplicación das normas de coordinación:

- 3.1 Consultas de concellos, colectivos e particulares.**
- 3.2 Advertencias aos concellos para axustarse ás normas de coordinación.**
- 3.3 Exame de bases de convocatorias de prazas polos concellos.**
- 3.4 Autorizacións excepcionais para a contratación de auxiliares, do artigo 95.7 da Lei 4/2007 e do artigo 136 de decreto 243/2008.**
- 3.5 Dispensa do cumprimento de requisitos mínimos aos concellos que o soliciten.**
- 3.6 Convenios entre concellos para reforzar os cadros de persoal.**

3.1.- Consultas de concellos, colectivos e particulares.**3.1.1.- Consultas de concellos**

